

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES DO CONTRATO DE OBRAS DE "OBRAS NO SX-D-1 (ESTADIO MUNICIPAL)" (PPOS 2015)

1-Obxecto do contrato.

É obxecto do contrato a execución das obras de "**OBRAS NO SX-D-1 (ESTADIO MUNICIPAL)**", con cargo ao Plan Provincial de Obras e Servizos 2015 da Excm. Deputación de Pontevedra (PPOS 2015).

O referido Proxecto (incluíndo os seus Pregos de Prescricións Técnicas) e os Presentes Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, con toda a documentación que os integran, formarán parte do contrato de adxudicación que no seu día se formalice.

En relación co proxecto en cuestión, constan no expediente os informes sectoriais correspondentes e foi obxecto de aprobación por Decreto de Alcaldía 356 bis/2015 de data 1 de abril de 2015.

Código CPV: 45230000

Caso de contradición entre os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e os Pregos de Prescricións Técnicas, prevalecerán os primeiros.

2.- Procedemento de adxudicación e órgano de contratación

A forma de adxudicación do contrato de obras de "**OBRAS NO SX-D-1 (ESTADIO MUNICIPAL)**", será o procedemento aberto, en que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición e no que quedará excluída toda negociación dos termos do contrato, de acordo co artigo 157 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase a varios criterios directamente vinculados co obxecto do contrato, de conformidade co artigo 150.1 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e coa cláusula novena deste prego.

De conformidade coa Disposición Adicional Segunda do TRLCSP, o Alcalde é o órgano de contratación deste contrato, atopándose delegada dita atribución na Xunta de Goberno Local en virtude do Decreto nº 682/2015, de 15 de xuño.

A tramitación será ordinaria conforme ós artigos 109 e seguintes da TRLCSP.

3.-Perfil do Contratante

Co fin de asegurar a transparencia e acceso público á información relativa a súa actividade contractual, é sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este concello conta co perfil do contratante ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na páxina web seguinte: www.aestrada.com

4.- Prezo do Contrato e financiamento

a) Prezo do contrato.- O orzamento de execución material mais os gastos xerais e o beneficio industrial, acende a cantidade de 393.557,28 euros. A esta cantidade engádese o 21% en concepto de IVE (82.647,03 euros), resultando un prezo de contrato de 476.204,31 euros.

b) Financiamento.- Existe crédito suficiente no Orzamento en vigor, nunha multiaplicación, nas partidas nº 2015/0/151/60903/01 e nº 2015/0/151/6092203/01

5.-Pago do prezo de adxudicación da obra e revisión de prezos.

O pago do prezo efectuarase contra certificacións de obra expedidas mensualmente polo Director de obras, e a correspondente factura, nos prazos legalmente previstos.

Non se realizará pago algún se, con carácter previo ou simultáneo á primeira certificación e a correspondente factura, non se entregan polo contratista as fotos que acrediten o cumprimento da colocación dun cartel relacionado coa obra, coas características e formato que se sinalen. No caso de que algunha certificación ou factura conteña algún erro ou omisión, os prazos non se iniciarán ata a súa subsanación.

As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013, de 187 de decembro de Impulso da Factura Electrónica e creación do Rexistro Contable de Facturas, que deberán conter os seguintes códigos:

- CODIGO OFICINA CONTABLE: Lo1360176 facturación.
- CODIGO ÓRGANO GESTOR: Lo1360176 Concellería de Economía e Facenda
- CÓDIGO UNIDAD TRAMITADORA: Lo136076 Intervención.

Dado que o prazo de execución da obra é inferior a un ano, de conformidade co disposto no artigo 89 da TRLCSP, este contrato non terá fórmula de revisión de prezos.

6.- Duración do contrato.

O prazo de duración do contrato será de tres meses (3 mes) a contar dende a sinatura da

acta de comprobación do replanteo.

O incumprimento dos prazos de execución pola parte do contratista dará lugar á aplicación do réxime de demora na execución, previstos nos artigos 212 e seguintes do TRLCSP.

Responderá tamén o contratista de calquera prexuízo que un retraso na execución dos traballos que lle sexa imputable, poida ocasionar ó Concello.

No caso de ofrecer como melloa na súa proposta a redución do prazo de execución, non poderá solicitar unha ampliación do prazo salvo por motivos xustificadas como de forza maior no informe técnico correspondente e nunca por un prazo igual á redución ofertada.

Fíxase un ano como período mínimo de garantía das obras, a contar dende a acta de recepción das mesmas.

Transcorrido o devandito prazo procederase a liquida-lo contrato e, no seu caso, á devolución da garantía definitiva.

7.- Acreditación da aptitude para contratar.

Poderán presentar ofertas as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, que non estean incursas en prohibicións para contratar e que acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica.

1. A capacidade de obrar do empresario acreditarase:

a) Dos empresarios que foren **persoas xurídicas**, mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, de ser o caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

b) Dos empresarios **non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea**, mediante a súa inscrición no rexistro procedente, de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

c) **Dos demais empresarios estranxeiros**, co informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2. A proba, por parte dos empresarios, da non concorrencia nalgunha das prohibicións de contratar reguladas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro poderá realizarse:

a) Mediante un testemuño xudicial ou unha certificación administrativa, segundo os casos; cando o dito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, este poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade

administrativa, un notario público ou un organismo profesional cualificado.

b) Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá substituírse tamén por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

3. A **solvencia do empresario**:

3.1. A **solvencia económica e financeira** do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos seguintes medios:

- a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, se é o caso, un xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
- b) As contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no rexistro oficial que corresponda. Os empresarios que non estean obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais poderán presentar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.
- c) Declaración sobre o volume global de negocios e, de ser o caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, referido, como máximo, aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida que se dispoña das referencias do devandito volume de negocios.

3.2. Nos contratos de obras, a **solvencia técnica** do empresario poderá ser acreditada por un ou varios dos seguintes medios:

- a) Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución para as obras máis importantes; estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarse se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se se levaron normalmente a bo termo. De ser o caso, tales certificados seranlle comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.
- b) Declaración en que se indiquen os técnicos ou as unidades técnicas, estean ou non integradas na empresa, de que esta dispoña para a execución das obras, especialmente os responsables do control de calidade, acompañada dos documentos acreditativos correspondentes.
- c) Títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa e, en particular, do persoal responsable das obras.
- d) Nos casos adecuados, indicación das medidas de xestión ambiental que o empresario poderá aplicar ao executar o contrato.
- e) Declaración sobre o cadro de persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, xunto coa documentación xustificativa correspondente.
- f) Declaración en que se indique a maquinaria, material e equipo técnico de que se disporá para a execución das obras, á que se lle xuntará a documentación acreditativa pertinente.

Todos estes documentos, necesarios para acreditar a solvencia económica e financiera e técnica dos licitadores, poderán ser substituídos, pola presentación do documento acreditativo da súa inscrición no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia. (Recordar que este documento só deberá presentarse polo proposto como adxudicatario no momento que lle sexa requerido xunto coa proposta de adxudicación).

8.- Presentación de ofertas e documentación administrativa.

As ofertas presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de atención ao público, de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas. no prazo de *vinde e seis días* contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra*. Caso de que o último día de prazo fora inhábil ou sábado, o prazo quedará prorrogado, ata o seguinte día hábil non sábado. Dito anuncio tamén será publicado no perfil do contratante do Concello da Estrada.

Tamén se poderán presentar por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e no artigo 80 do R. D. 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, agás por correo electrónico.

Cando a documentación se envíe por calquera dos procedementos antes sinalados o empresario deberá xustificar a data e a hora da imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante correo electrónico (secretaria@aestrada.es), ou tamén mediante fax (número 986 570233) ou telegrama, sempre no mesmo día.

Cada candidato non poderá presentar máis dunha oferta [*sen prexuízo do establecido nos artigos 147 e 148 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro*]. Tampouco poderá subscribir ningunha oferta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurara en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as ofertas por el subscritas.

A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente Prego.

Os contratistas interesados na licitación deberán presentar **un único sobre**, no que se escribirá de forma lexible e visible a seguinte inscrición:

“Documentación Administrativa e Oferta do procedemento aberto para a obra
"OBRAS NO SX-D-1 (ESTADIO MUNICIPAL)” presentada
por”.

No interior dese sobre deberán vir á súa vez dous sobres, segundo o previsto nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares (Sobre A: Documentación Administrativa; Sobre B: Oferta).

SOBRE A: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA-

Esta documentación irá nun sobre pechado no que se fará constalo seguinte:

“Sobre A: Documentación administrativa do procedemento aberto para a realización das obras de ”OBRAS NO SX-D-1 (ESTADIO MUNICIPAL) presentada por”

En aplicación do disposto no art. 146 do TRLCSP, na redacción dada polo art. 44.4 da Lei 14/2013, de 27 de setembro de 2013, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización, a documentación administrativa, no momento de presentación da proposición consistirá nunha **declaración responsable** que vai unida a este prego como **anexo I**, respectando o modelo que se xunta. Dita declaración debe ter como data de referencia máxima a de finalización do prazo de presentación de proposicións.

O licitador en quen recaia a proposta de adxudicación, ou aquel que sexa requirido polo órgano de contratación, deberá acreditar ante dito órgano, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos no art. 146.1 do TRLCSP, que de seguido se relacionan. Ditos documentos poderán ser substituídos, no momento da proposta de adxudicación, pola presentación da súa inscrición no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia.

a) Portadilla

Escrito, asinado polo mesmo que asinará no seu caso o contrato, no que conste o número de teléfono e de fax, enderezo, e a persoa á que dirixi-las comunicacións e requirimentos que sexa preciso realizar durante o procedemento de contratación.

b) Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario.

Empresario individual:

Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade, pasaporte ou documento equivalente.

Persoas xurídicas:

- Fotocopia compulsada do DNI do asinante da proposición.
- Escritura de constitución e modificación, no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil, que lle sexa aplicable.
- Fotocopia da Tarxeta de Código de Identificación Fiscal (CIF), debidamente compulsada

Empresas non españolas de estados membros da Unión Europea:

- Certificación de inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidas, ou declaración xurada ou certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

Empresas non comunitarias:

- Informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente (ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa) relativo á súa capacidade de obrar.
- Informe da Misión Diplomática Permanente española de que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración, en forma substancialmente análoga.

As empresas estranxeiras (tanto as comunitarias como as non comunitarias) presentarán a súa documentación traducida de forma oficial ó castelán ou ó galego.

c) Documentos que acrediten a representación.

- Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutra persoa, presentarán unha copia notarial do poder de representación, verificado polo secretario da corporación.
- Se o licitador fose unha persoa xurídica, este poder deberá estar inscrito no Rexistro Mercantil cando sexa esixible legalmente.
- Do mesmo xeito, a persoa co poder verificado para os efectos de representación deberá achegar unha fotocopia compulsada administrativamente ou un testemuño notarial do seu documento nacional de identidade.

d) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Esta declaración incluírá a manifestación de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba ser presentada, antes da adxudicación, polo empresario a favor do cal se vaia realizar esta.

e) Documentos que xustifiquen o cumprimento dos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica.

Se a empresa esta pendente de clasificación, deberá achegar o documento que acredite que se presentou a correspondente solicitude para iso e deberá xustificar estar en posesión da clasificación esixida no prazo previsto nas normas de desenvolvemento **do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro** para a emenda de defectos ou omisións na documentación.

f) De ser o caso, un **endereço de correo electrónico** en que efectuar as notificacións.

g) As empresas estranxeiras presentarán unha declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que, de modo

directo ou indirecto, puideren xurdir do contrato, con renuncia, de ser o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puider corresponder ao candidato.

SOBRE B: OFERTA

A oferta presentarase nun sobre pechado, que levará a inscrición:

“Sobre B: Oferta do procedemento aberto para a realización das obras de "OBRAS NO SX-D-1 (ESTADIO MUNICIPAL)”, presentada por”

A oferta deberá ir asinada polo empresario se é persoa física, ou pola persoa habilitada, se é persoa xurídica.

A oferta realizarase conforme ó modelo que se inxire a continuación:

**“Don.....,con
DNI.....,**

actuando en nome (táchese a que non proceda) propio/da empresa manifesta que no procedemento aberto para a contratación da obra “OBRAS NO SX-D-1 (ESTADIO MUNICIPAL)”, coñece e acepta tódolos requisitos e condicións polos que se rexe o contrato, conforme ós Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e ós Pregos de Prescricións Técnicas, e a lexislación que lle é aplicable.

- *Manifesta que se compromete a asumir o cumprimento do citado contrato polo importe de.....€ (en número), ó que lle corresponde por IVE a cantidade de € (en número), totalizándose a oferta en € (en número).*
- *Manifesta que se compromete a asumir as melloras seguintes das previstas no ANEXO II: -*
 -
 -

Polo importe total de€ (en número), ó que lle corresponde por IVE a cantidade de € (en número), totalizándose a oferta edas suas melloras en € (en número).

- *Manifesta que ofrece unha ampliación do prazo de garantía de....., (a maiores do establecido nos pregos).*
- *Manifesta que o prazo de execución será de.....*

Lugar, data e sinatura do licitador.

9.- Criterios de valoración de ofertas para a sua asdxudicación.

Os criterios que se terán en conta para valora-las ofertas das empresas quese presenten á licitación serán:

a) Melloras no proxecto técnico, que poderán consistir na mellora da calidade dos materiais descritos no proxecto, ou noutras modificacións que representen un aumento da calidade final do proxecto executado. Ditas melloras apareceren recollidas no anexo II destes pregos. Esta valoración entenderase en termos netos, e dicir o presuposto de execución material, excluídos os gastos xerais, o beneficio industrial e o IVE. As melloras ofertadas polo concorrente que resulte adxudicatario pasarán a formar parte do obxecto do contrato, correspondendo a dirección da súa execución ó director das obras que haberá de certificar a súa execución a satisfacción da Administración contratante.

Para que esta valoración sexa posible as melloras que se oferten deberán vir valoradas en euros, e durante a execución do contrato o director das obras non poderá baixo ningún concepto, encargar a realización das melloras noutras unidades de obra diferentes das ofertadas.

b) Melloras no prezo.

c) Maior prazo de garantía, a partir do ano previsto no artigo 235.3 *do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro*

d) Redución do prazo de execución

Os licitadores poderán introducir nas súas propostas as modificacións, variantes ou alternativas que respondan os requisitos ou modalidades sinalados neste pregos.

Os criterios antes indicados ponderaranse como a continuación se especifica:

* **Criterio a)**.....**ata 4 puntos** (Outorgaríanse 4 puntos ao licitador que presente un menor prezo do contrato. Os demais calcularanse proporcionalmente, atendendo a unha regra de tres)

* **Criterio b)**.....**ata 4 puntos** (Outorgaríanse 4 puntos ao licitador que presente as melloras economicamente máis altas. Os demais calcularanse proporcionalmente, atendendo a unha regra de tres.)

* **Criterio c)**.....**ata 1 punto** (Outorgarásese 1 punto ao licitador que presente un maior prazo de garantía. Os demais calcularanse proporcionalmente, atendendo a unha regra de tres.)

* **Criterio d)**.....**ata 1 punto** (Outorgarásese 1 punto ao licitador que presente unha maior redución no prazo de execución. Os demais calcularanse proporcionalmente, atendendo a unha regra de tres.)

10.- Ofertas con valores anormais ou desproporcionados

Cando o órgano de contratación identifique una proposición que poida ser considerada desproporcionada, notificará esta circunstancia aos licitadores comprendidos nela, para que no prazo de cinco días xustifiquen ditas ofertas e precisen as condicións das mesmas, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionais favorables das que dispoñan para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas a protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no

lugar en que se vaia a realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda do Estado. En caso de empate entre dous ou mais contratistas, terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña na súa plantilla maior número de traballadores minúsválidos (non inferior as 2%) de conformidade co establecido na Disposición Adicional 4ª do TRLCSP. De persistir o empate resolverase por sorteo.

11.- Mesa de Contratación.

A mesa de contratación, de acordo co establecido no punto 10 da disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, en relación co artigo 21.2 do Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, estará presidida por un membro da corporación ou un funcionario dela e actuará como secretario un funcionario da corporación. Formarán parte dela, **polo menos, catro vogais**, entre os que estará o secretario ou, se é o caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico e o interventor, así como aqueloutros que designe o órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da corporación, ou membros electos dela.

Conforman a mesa de contratación os seguintes membros:

- D. José López Campos, alcalde-Presidente do Concello da Estrada, que actuará como presidente da mesa.
- Dª. Lucía Artime Alonso, vogal (secretaria da corporación).
- Dª. Ana Vigo Fariña, vogal (interventora da corporación).
- D. Juan Constenla Carbón, 1º Tte. Alcalde, vogal.
- Un arquitecto Municipal, vogal.
- Un funcionario municipal, que actuará como secretario da mesa.

12.- Apertura de plicas

Unha vez finalizado o prazo de presentación de proposicións, no día e hora anunciado no perfil do contratante, a Mesa de contratación reunirse para a apertura do sobre A

Aberto o sobre A, a Mesa declarará admitidos inicialmente ós licitadores que teñan presentada correctamente a declaración responsable incluída no Anexo I, a salvo de que nun momento posterior do procedemento, tras serlle requirida a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos, de non reunilos, quedará excluída da mesma.

Se a Mesa de Contratación, observase defectos ou omisións na Declaración Responsable, comunicarllo ós interesados por correo electrónico ou fax, concedéndolle , concederá un prazo máximo de 3 días hábiles para corrixir ou emendar estes defectos. O cómputo do citado prazo empezará a contar desde o momento en que reciban a comunicación.

A apertura do sobre B, terá lugar, en acto público, na data e hora anunciado no perfil do contratante. No mesmo darase a coñecer o contido das proposicións económicas dos

licitadores admitidos.

Para a valoración das cifras ou valores do sobre B aplicaranse os criterios establecidos nos pregos de prescripcións técnicas e cláusulas administrativas.

Unha vez aplicados estes criterios clasificaranse as propostas en orde decrecente de valoración e propoñeráselle ó órgano de contratación a adxudicación a favor do licitador que obtivese a oferta economicamente máis vantaxosa.

No caso de empate entre dous ou mais contratistas, terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña na súa plantilla maior número de traballadores minusválidos (non inferior as 2%) de conformidade co establecido na Disposición Adicional 4ª do TRLCSP. De persistir o empate resolverase en favor do contratista que obtivera máis puntuación no prezo, e de persistir o empate, resolverase o mesmo por sorteo.

12.- Garantía e outros requisitos previos á adxudicación.

O licitador que fora obxecto da “Proposta preliminar de adxudicación” será requirido para que no prazo de 10 días hábiles, a contar desde o seguinte en que recibira a notificación, para presentar a seguinte documentación:

Documentación acreditativa de cumprimento dos requisitos previos:

De conformidade con art. 146.4 do TRLCSP (modificado pola Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores), deberá presentar toda a documentación relacionada na cláusula 12 e que declarou posuír mediante a declaración responsable presentada no sobre A.

Documentación necesaria para a adxudicación do contrato:

O licitador deberá presentar a documentación prevista no artigo 151 do TRLCSP, entre a que se atopa :

- A xustificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias e para coa Seguridade Social na forma e alcance prevista nos artigos 13 a 15 do RD 1098/2001, incluíndo o relativo ó Imposto de Actividades Económicas.

Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

Polo que respecta á acreditación de estar ó corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa entidade local, esta será comprobada de oficio polo propio Concello mediante Informe emitido pola súa Tesourería, e que será unido ó expediente.

Asemade, deberá aportar xustificante de ter constituída a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas no artigo 96 do TRLCSP.

- O importe da garantía definitiva será o 5 % do importe da adxudicación do contrato, excluído o IVE., por calquera dos medios aos que se refire o art. 96 do TRLCSP e presente a documentación xustificativa de habela constituído.

Responderá esta garantía do adecuado cumprimento polo contratista das súas obrigacións, ata o remate do período de garantía do contrato, incluíndo as

consideracións feitas a este respecto nos Pregos de Prescricións Técnicas.

Se o licitador proposto non aportara a documentación no prazo que se lle dera para facelo, entenderase que retirou a súa oferta, e procederase a recadar a mesma documentación ó licitador seguinte segundo a orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

13.- Adxudicación.

A adxudicación producirase dentro dos 5 días hábiles seguintes a aquel no que o licitador proposto aportara a documentación mencionada anteriormente.

A adxudicación deberá ser motivada e notificarse aos candidatos ou licitadores.

A notificación deberá conter a información necesaria que permita aos licitadores excluídos interpoñer recurso contra a decisión de adxudicación (art. 40 do TRLCSP)

14.- Documento de Formalización.

O adxudicatario queda obrigado a subscribi-lo contrato administrativo no prazo máximo de 10 días hábiles a contar dende a notificación da adxudicación, ao que se lle engadirá un exemplar do prego de cláusulas administrativas particulares e a oferta do adxudicatario.

Se o adxudicatario é unha UTE, dentro do mesmo prazo e con anterioridade a sinatura do contrato, deberá aportar escritura pública de constitución da mesma.

En principio, sen a previa formalización do contrato non poderá iniciarse a súa execución.

De non se formaliza-lo contrato no prazo indicado por causas imputables ó adxudicatario, a Administración poderá declarar resolto o contrato, e sen prexuízo da esixencia da correspondente indemnización polos danos e prexuízos.

O contrato poderá formalizarse en escritura pública a petición de calquera das partes. Neste caso, os gastos da devandita formalización serán de conta da parte que a solicitou. Unha copia da escritura do contrato unirase ó expediente.

15.-Gastos a cargo do adxudicatario.

Sen prexuízo doutros que puideran corresponderlle, serán de conta do adxudicatario os seguintes gastos e obrigacións:

- a) Os gastos de publicación que puidera xera-lo procedemento.
- b) Os tributos estatais, autonómicos e municipais que puideran derivarse do contrato.
- c) Asumi-lo pago do IVE, que se entenderá incluído dentro do prezo de adxudicación.
- d) No seu caso, os de formalización do contrato en escritura pública, segundo o sinalado nestes Pregos.
- e) Xestionar cantas autorizacións ou permisos administrativos ou doutro tipo puideran ser necesarios para a execución completa do obxecto do contrato, debendo abonar á súa costa tódolos gastos que se devenguen para a xestión das devanditas autorizacións ou permisos. Figurará como titular da autorización o Concello, ou a persoa que este designe.

16.-Dirección das obras.

A dirección e inspección das obras corresponde ó Concello, designando a estes efectos a un técnico competente, que ditará as instrucións necesarias ó contratista para a normal e eficaz realización daquelas, e sinalará o ritmo de execución conveniente. Tamén poderá designar, se o estima oportuno, un director da execución da obra.

O Presidente da Corporación poderá inspecciona-las obras cando o estime oportuno.

Así mesmo, o Concello designará o técnico competente como responsable de seguridade e saúde nos termos do RD 1627/1997. No seu caso, esta función poderá ser asumida polo Técnico Director das obras.

17.-Responsable do contrato.

De conformidade co previsto no artigo 52 do TRLCSP, con obxecto de supervisa-la execución do contrato e adopta-las decisións e dita-las instrucións necesarias coa fin de asegura-la correcta realización da prestación pactada, o órgano de contratación poderá nomear un responsable do contrato.

18. - Comprobación do replanteo.

Na data sinalada pola dirección técnica, e sempre dentro do mes seguinte á notificación da adxudicación, efectuarase a comprobación do replanteo, quedando o contratista obrigado a acudir a este acto, e a subscribi-la correspondente acta nos termos do artigo 229 do TRLCSP.

Cando o resultado da comprobación do replanteo demostre a posesión e disposición real dos terreos, a súa idoneidade e a viabilidade do Proxecto, a xuízo do Director de obra e sen reserva do contratista: O Director das obras dará a autorización para inicia-las obras, entendéndose todo isto implícito, salvo que conste o contrario de xeito explícito na acta estendida.

O prazo de execución das obras comezará a contarse dende a sinatura da acta.

19.-Comezo das obras e aviso previo á Autoridade Laboral.

O contratista deberá inicia-las obras dentro dos oito días seguintes á sinatura da acta de comprobación do replanteo, sempre que fose aprobado previamente o Plan de Seguridade e Saúde; ata que esta aprobación se produza, non se iniciarán as obras.

Ademais, o Director de obra ou Técnico designado ó efecto, deberá efectua-lo correspondente aviso previo á Autoridade Laboral antes do comezo das obras, tal e como dispón o artigo 18 do RD 1627/1997.

20.-Programa de traballo e Estudo Básico de Seguridade e Saúde.

Dentro dos 15 días seguintes á formalización do contrato, e sempre antes da acta de comprobación do replanteo, o contratista está obrigado a presenta-lo Estudo Básico de Seguridade e Saúde redactado por Técnico competente.

Se a aprobación do Estudo Básico de Seguridade e Saúde non se producira antes da comprobación do replanteo, a acta poderá subscribirse recollendo na mesma esta circunstancia, e comezando dende a sinatura o cómputo do prazo de execución. Pero en ningún caso poderá producirse o inicio efectivo da execución das obras en tanto non estea aprobado o Estudo Básico de Seguridade e Saúde.

O contratista estará obrigado a recoller no Estudo Básico de Seguridade e Saúde (e polo tanto a realizar e implantar na obra) tódalas medidas e elementos necesarios para cumprilo estipulado ó respecto pola lexislación vixente na materia e polas normas de boa construción. Así procederá, sexan ou non suficientes as previsións económicas contempladas neste, e sen que teña dereito a recibir máis importe que o fixado no citado Estudio (afectado, no seu caso, pola baixa de adxudicación).

Os locais e servizos para hixiene e benestar dos traballadores que sexan obrigatorios, deberán localizarse, sempre que sexa posible, na propia obra. En todo caso, serán para uso exclusivo do persoal adscrito á obra.

Calquera variación das características e emprazamento dos locais e servizos que se plantexe despois da aprobación do Estudo Básico, requirirá a previa modificación do mesmo. Feita esta, e tralo informe oportuno, será aprobada no seu caso.

21.-Carteis e sinais.

Na data en que comecen os traballos, o contratista queda obrigado a colocar ó seu custo un cartel informativo, cunha dimensión de 3 m. X 2 m. indicando que se trata dunha obra subvencionada pola Deputación.

Transcorridos seis meses contados dende a recepción da obra e, en todo caso, antes da devolución da garantía o contratista deberá proceder á retirada do cartel a súa costa.

A colocación acreditarase mediante foto que se entregará coa primeira certificación; sen o cumprimento deste requisito non se tramitará esta. O cartel manterase na obra ata a recepción da mesma, salvo indicación noutro sentido por parte do Concello.

Asemade, o contratista está obrigado a instalar ó seu custo, os sinais indicativos de obra, perigo, precaución, desviación, etc., de conformidade coa normativa de Circulación e cantas resulten aplicables a estes efectos, e a adoptar tódalas precaucións precisas dende o comezo das obras ata o seu total remate. Será responsable dos accidentes motivados polo incumprimento desta cláusula.

22.-Desenvolvemento dos traballos.

1. O contratista deberá executa-las obras cos materiais e medios de primeira calidade e nas condicións esixidas no Proxecto aprobado, así como de conformidade coas instrucións ou regulamentos técnicos nacionais obrigatorios (sempre e cando sexan compatibles co Dereito Comunitario, tal e como dispón o artigo 117.3 do TRLCSP).

Asemade, deberá emprega-los elementos persoais e auxiliares máis cualificados nas condicións esixidas pola boa práctica da construción.

2. Recepción e recusación de materiais: O contratista só pode emprega-los materiais na obra previo exame e aceptación polo Director das obras, nos termos e formas que este sinala para o correcto cumprimento das condicións convidadas. Se o Director de obras non aceptase os materiais sometidos ó seu exame, deberá comunicalo por escrito ó contratista, sinalando as causas que motiven tal decisión.

3. Obras defectuosas ou mal executadas: Ata que teña lugar a aprobación da devolución da garantía definitiva, o contratista responderá da execución da obra contratada e das fallas que houbese nela. Non será eximente, nin daralle dereito algún, a circunstancia de que os representantes da Administración examinaran ou recoñeceran durante a construción as unidades da obra ou os materiais empregados, nin que incluían estes e aquelas nas medicións e certificacións parciais.

4. Demolición e reconstrución das obras defectuosas ou mal executadas: Se advértense vicios ou defectos na construción, ou se teñen fundadas razóns para crer que existen vicios ocultos na obra executada, o Director ordenará antes da devolución da garantía definitiva, a demolición e reconstrución das unidades de obra en que se dean aquelas circunstancias, ou as accións precisas para comproba-la existencia de tales defectos ocultos.

5. Responsabilidade por vicios ocultos: Se a obra se arruína por vicios ocultos da construción, con posterioridade á expiración do prazo de garantía, e no termo de 15 anos dende a recepción, o contratista responderá dos danos e prexuízos.

23.-Prazo de execución do contrato e penalidades administrativas

O contratista está obrigado a cumpri-lo contrato dentro do prazo total fixado para a realización deste. A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa pola parte da Administración. Cando o contratista, por causas imputables a este, incorrera en mora (demora) respecto ó cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición de penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato (artigo 212,4 da TRLCSP).

A Administración terá a mesma facultade á que se refire o apartado anterior respecto do incumprimento polo contratista dos prazos parciais ou, cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total.

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución ou a que se continúe a execución con imposición de novas penalidades.

De apreciarse pola Administración unha incorrecta execución do contrato, requirirá ó contratista (pudendo este manifesta-lo que estime oportuno) para que proceda á súa subsanación no período de tempo oportuno. Superado o mesmo, aplicarase o réxime de demora na execución previsto anteriormente.

24.-Responsabilidade por danos.

Será de conta do contratista a responsabilidade derivada de tódolos danos, prexuízos e accións de calquera natureza que sexan ocasionados a terceiras persoas polo persoal, maquinaria ou traballos realizados. Esta responsabilidade esténdese cando menos ós danos, prexuízos e accións ata a finalización do prazo de garantía. Así mesmo, responderá dos danos causados á Administración.

Se os danos e prexuízos foron ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración, será esta responsable nos termos previstos legalmente.

A cantidade en que se concrete a responsabilidade do contratista poderá ser esixida pola vía de constrinximento.

25.-Control de Calidade.

A Dirección técnica ordenará que se verifiquen os ensaios e análises dos materiais e unidades de obra que en cada caso resulten pertinentes. Os gastos que se orixinen serán de conta do contratista como mínimo ata o importe fixado no proxecto, podendo estenderse ata un importe máximo do 2 % do orzamento de contrata da obra (IVE incluído).

A mesma Dirección fixará o número, forma, dimensións e demais características que deben reuni-las mostras e probetas para o ensaio e análise, caso de que non exista disposición xeral ó efecto, nin establezan tales datos os Pregos de Prescricións Técnicas Particulares.

26.-Custodia e conservación.

O contratista deberá responder da custodia e conservación dos materiais e instalacións, sen que teña dereito a indemnización por causa de aviría, perdas, subtraccións ou prexuízos nos bens.

27.- Cesión do contrato e subcontratación

O contratista non poderá cede-los dereitos dimanantes do contrato, mais tampouco subcontratar parte algunha deste contrato, sen obter previamente a autorización do Concello, cos requisitos e condicións establecidos nos artigos 226 e 227 do TRLCSP.

O contratista está obrigado a abona-lo prezo pactado ós subcontratistas, dentro dos prazos e con arranxo ás condicións establecidas no artigo 227 do TRLCSP.

28.-Execución do contrato.

O contrato deberá executarse con estrita suxeición a estes Pregos, ós Pregos de Prescricións Técnicas e ás instrucións que en interpretación dos mesmos poda dita-lo Concello. Asemade, executarase co debido respecto á lexislación de contratos das Administracións Públicas e ó resto da normativa que lle sexa de aplicación.

En todo caso, o contratista respectará a lexislación laboral e da seguridade social nas relacións co seu persoal.

Non existirá vinculación ou relación laboral ou similar de ningún tipo entre o persoal do contratista e o Concello.

De apreciarse pola Administración unha incorrecta execución do contrato, requirirá ó contratista (pudendo este manifesta-lo que estime procedente) para que proceda á súa subsanación no período de tempo oportuno. Superado o mesmo, aplicarase o réxime de demora na execución previsto nos artigos 212 e seguintes do TRLCSP.

Tal e como se prevé no artigo 305 do TRLSCP, o contratista responderá da calidade do seu traballo, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

O contrato será executado a risco e ventura do contratista.

Dentro do concepto de risco e ventura do contratista enténdese expresamente incluídas as adaptacións que ó longo da execución do contrato deba realiza-lo contratista a consecuencia das modificacións que se podan ir producindo no marco normativo de aplicación.

29.- Recepción das obras e certificación final.

A recepción das obras realizarase de conformidade co previsto no artigo 235 do TRLCSP.

Cando as obras non se atopen en estado de ser recibidas, así farase constar na acta, e o Director das mesmas sinalará os defectos observados, detallando as instrucións precisas e fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido o devandito prazo o contratista non realizase os traballos, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable, ou declarar resolto o contrato.

Asemade, tamén poderá optarse por aplicar o réxime de demora na execución previsto nos artigos 212 e seguintes. Do TRLCSP.

Dentro do prazo de 3 meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aproba-la certificación final das obras executadas, que será abonada ó contratista a conta da liquidación do contrato

30.-Liquidación e devolución da garantía definitiva.

Transcorrido o prazo de garantía, se o informe do director da obra sobre o seu estado fose favorable formularase, no prazo dun mes, a proposta de liquidación das realmente executadas, tomando como base para a súa valoración as condicións económicas establecidas no contrato.

31.- Prazo de garantía.

O prazo de garantía terá unha duración mínima dun ano a contar dende a recepción das obras.

Durante o prazo de garantía, o contratista estará obrigado á garda e conservación das obras, sendo responsable dos danos que na mesma se produzan, seguindo, no seu caso, as instrucións que reciba do Director das obras.

Se as obras se deteriorasen por incumprimento desta obrigaón, os traballos necesarios

para a súa reparación poderán ser acometidos pola Administración pero, en todo caso, a costa do contratista.

32.- Liquidación e devolución da garantía definitiva.

Dentro do prazo dos 15 días anteriores ó cumprimento do prazo de garantía, o Director facultativo das obras, a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras.

Se este fose favorable, procederase á liquidación do contrato e á devolución ou cancelación da garantía e, no seu caso, ó pago das obrigacións pendentes. O contratista quedará relevado de toda responsabilidade, salvo o disposto no artigo 236 do TRLCSP.

No caso de que o informe non fose favorable e os defectos observados se deban a deficiencias na execución da obra (e non ó uso do construído dende a recepción), o Director das obras procederá a dita-las oportunas instrucións ó contratista para a debida reparación do construído. Para isto, concederalle un prazo, durante o que o contratista continuará encargado da conservación das obras, e sen dereito a percibir cantidade algunha pola ampliación do prazo de garantía.

33.-Causas de resolución do contrato.

Serán as previstas nos artigos 223 e 237 do TRLCSP, cos efectos previstos no seus artigos 225 e 239.

34.-Réxime xurídico.

O presente contrato ten carácter administrativo e, ámbalas dúas partes quedan sometidas expresamente á lexislación reguladora dos contratos das Administracións Públicas e ás súas disposicións de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de Dereito Administrativo; e, no seu defecto, as normas de Dereito Privado.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato, serán resoltas polo Concello, poñendo as súas Resolucións fin á vía administrativa. Contra estas, caberá a interposición de recurso potestativo de reposición, ou de recurso contencioso-administrativo, segundo o regulado na Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común en a Lei 29/1998 da Xurisdición Contencioso-Administrativo. Todo isto, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que o recorrente estime oportuno e sexa aceptable en Dereito.

Os litixios serán vistos polos xulgados ou tribunais que sexan competentes en razón do domicilio da Corporación.

A Estrada a 15 de setembro de 2015.

O ALCALDE



Anexo I. DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./Dña., con DNI en nome propio ou en representación da empresa, con CIF, manifesta a súa vontade de participar no procedemento aberto, modalidade concurso público, convocado para o seguinte contrato “OBRAS NO SX-D-1 (ESTADIO MUNICIPAL)”.

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Primeiro.- Que cumpre todos os requisitos previos esixidos polo punto primeiro do artigo 146 do do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público para ser adxudicatario do contrato antedito, en concreto,os seguintes:

- 1.- Que coñece os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que serven de base ó contrato e que os acepta como lei de contrato.
- 2.- Que cumpre coas condicións establecidas legalmente no TRLCSP para contratar co Concello da Estrada, ostentando plena capacidade xurídica e de obrar e , de ser o caso, ten poder bastante para representar a empresa neste procedemento de contratación.
- 3.- Que cumpre cos requisitos de solvencia económica, financeira, técnica ou profesional esixidos para contratar coas Administracións Públicas.
- 4.- Que non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar, sinaladas no artigo 60 do TRLCSP.
- 5.- Que se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias fronte ó Estado e o Concello da Estrada e fronte á Tesourería da Seguridade Social.
- 6.- Que ten a clasificación esixida no Prego de Cláusulas Administrativas e que está vixente á data de presentación da oferta, sendo esta: Grupo Subgrupo Categoría (a cubrir só no caso de que se esixa clasificación conforme aos Pregos Administrativos).

No caso de que unha parte da prestación obxecto do contrato, cuxo importe non exceda do 50% do prezo do contrato, teña que ser realizada por empresas especializadas cunha determinada habilitación ou autorización profesional, a mercantil declara que suplirá a clasificación no subgrupo correspondente a dita especialización subcontratando a execución desta parte con outros empresarios que dispoñan da habilitación e no seu caso, clasificación necesaria.

7.- No suposto de que a personalidade xurídica do empresario e, no seu caso, a súa representación, así como os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional se acrediten mediante a certificación dun Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas ou mediante un certificado comunitario de clasificación, o licitador manifesta que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación.

8.- Que acepta o correo electrónico como medio de notificación das actuacións que resulten do presente expediente, no caso de que o Concello decida facelo mediante este medio, sendo o masmo o seguinte:

9.- No suposto de que o licitador sexa estranxeiro, comprométese a someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ó foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder.

Segundo.- Que se compromete, no caso de que a súa oferta resulte máis vantaxosa, a presentar, previamente a adxudicación do contrato, os documentos aos que se fai referencia no punto primeiro desta declaración e que sinalen os pregos que rixen esta contratación.

E para que así conste, asina esta declaración na Estrada, a ____ de _____ de 20__

ANEXO. PROXECTO DAS OBRAS NO SX-D-1 (ESTADIO MUNICIPAL)

PROXECTO: "PROXECTO DAS OBRAS NO SX-D-1 (ESTADIO MUNICIPAL)"

ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN: 393.557,28 € sen i.v.e.

AUTOR: MANUEL SANMARTÍN CHAO – ARQUITECTO LABORAL MUNICIPAL

Co gallo de dar cumprimento ao requirido pola Secretaría do Concello da Estrada, en concordancia co disposto no artigo 147 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e concordantes, procédese á redacción do presente anexo para definir as posibles melloras valoradas que os licitadores poderán ofertar.

MELLORA Nº 1

CÓDIGO	DESCRIPCIÓN	UNIDADES	PREZO UNITARIO €	IMPORTE PROXECTO	NO	IMPORTE PARTIDA	DA	IMPORTE MELLORA	DA
2.12. D36BA220	Substitución da partida por: subministro e colocación de alcorque fabricado en chapa de aceiro corten de 18 mm de espesor en chapa de aceiro corten en acabado natural de 900x900, totalmente instalado.	6	145	129,12 €		870,00 €		740,88 €	

MELLORA Nº 2

CÓDIGO	DESCRIPCIÓN	UNIDADES	PREZO UNITARIO €	IMPORTE PROXECTO	NO	IMPORTE PARTIDA	DA	IMPORTE MELLORA	DA
5.10. D28EG420	Substitución da partida por: báculo con corpo de extrusión de aluminio acabado pintado con brida e tapa de inxección de aluminio acabadas pintadas. Disipador interior de extrusión de aluminio acabado anodizado. Difusor de cristal tépedo. A columna, de sección circular de distintos diámetros e alturas, coa seguinte configuración: Columnas de 8,20 m de dous tramos, de Ø 152 mm a parte inferior e Ø 127 mm a parte superior, os dous de aceiro galvanizado en quente acabado pintado para 2 luminarias á mesma altura. Grupo óptico de tecnoloxía LED dotado de lentes refractoras de distribución viaria. Equipo electrónico regulable. Posibilidade de alimentar a lámpada de 350 mA a 500 mA. Totalmente instalado.	6	2805	4.394,70 €		16.830,00 €		12.435,30 €	

MELLORA Nº 3

CÓDIGO	DESCRIPCIÓN	UNIDADES	PREZO UNITARIO €	IMPORTE PROXECTO	NO	IMPORTE PARTIDA	DA	IMPORTE MELLORA	DA
8.1. D39IE564	Subministración, apertura de foxo, plantación e primeira rega de Ligustrum japonicum (Alibustre do Xapón) de 16 a 20 cm. de per. a 1 m. do chan con cepellón en container.	6	63,89	303,30 €		383,34 €		80,04 €	

MELLORA Nº 4

CÓDIGO	DESCRIPCIÓN	UNIDADES	PREZO UNITARIO €	IMPORTE PROXECTO	NO	IMPORTE PARTIDA	DA	IMPORTE MELLORA	DA
8.2. USMB.1ab	Substitución da partida por: banco con estrutura de ferro dobrado de aceiro de 6 mm con protección antioxidante e pintura en po. Asento e respaldo de listóns de madeira tropical maciza de 50/65 x 160 mm de sección e lonxitudes variables, con Certificado FSC, protexida con aceite monocapa. A ancoraxe realízase mediante dous pernos de aceiro por pata tratados con protección antioxidante que se introducen nos orificios previamente realizados no pavimento e enchidos con resina epoxi, cemento rápido ou similar. Totalmente instalado.	5	1090	1.227,40 €		5.450,00 €		4.222,60 €	

MELLORA Nº 5

CÓDIGO	DESCRIPCIÓN	UNIDADES	PREZO UNITARIO €	IMPORTE PROXECTO	NO	IMPORTE PARTIDA	DA	IMPORTE MELLORA	DA
8.3. USMB.3a	Substitución da partida por: papeleira con soporte fabricado con chapa de aceiro inoxidable AISI 304 de 8mm de espesor. Cesto fabricado en aceiro inoxidable AISI 304 de 2mm. Fechadura de seguridade con chave hexagonal e peche por impacto. Acabado de aceiro inoxidable AISI 304 satinado. Fixación da papeleira paralela realízase mediante sistema de ancoraxe con tacos metálicos M-10. Totalmente instalada.	10	580	867,00 €		5.800,00 €		4.933,00 €	

A Estrada a 15 de setembro de 2.015

Arquitecto Municipal Laboral
Manuel Sanmartín Chao

